


Heráldica de Pontevedra cidade III

Alfonso Mumary Ruibal

Situémonos na rúa da Princesa nº 2, casa con soportal, pois nesa vivenda á altura dun balcón do 2º piso, de forma ovalada e contendo un rebaixe que fai resaltar a labra, atopámonos cunha cruz de Alcántara, que non corresponde a ningunha liñaxe, colocada alí polo seu propietario cando foi investido cabaleiro desta orde en 1650, D. Gonzalo Valladares Sarmiento e Andrade Figueroa Fandiño de Soutomaior e Fajardo, I vizconde de Fefiñáns. No expediente de ingreso e consecución do hábito de Alcántara dáse a circunstancia de que aparecen como informantes os seus dous fillos, D. Fernando de Valladares e Andrade, que ingresara con anterioridade na orde de Santiago e o seu tamén fillo, D. Fadrique de Valladares que xa era cabaleiro de Alcántara, así como o seu medio irmán, por parte de nai, D. Benito Abraldes Fajardo e Pérez de Andrade, cabaleiro de Santiago.

A orde militar e relixiosa da Cruz de Alcántara creada no 1154 no reino de León e que aínda perdura xunto coas de Santiago, Calatrava e Montesa, adoptou como distintivo unha cruz



Cruz de Alcántara.

flordelisada de sinople (verde). Os membros desta orde vestían unha túnica de la branca moi longa e capa negra que substituían por un manto branco nas cerimoniais solemnes.

Na mesma rúa, indo cara a Isabel II, no muro inmediato dereito, están esculpidas cinco labras heráldicas relacionadas entre si, xa que están representadas nelas os brasóns de varias liñaxes das que descendía dona Mariana Josefa Gago de Mendoza e Oca por liña materna, que naceu en 1653 na freguesía de S. Bartolomeu de Pontevedra e casou con D. Antonio Félix Tavares de Soutomaior; foron señores do pazo de Lavandeira, hoxe máis coñecido polo nome de Castrelos ou Quiñones de León en Vigo, e son os que mandaron reconstruír a casa da praza do Teucro co seu monumental escudo barroco e cuxos muros que se estenden pola rúa Princesa están ornamentados por ditas labras.

Entre eles está a labra dos Enríquez de Novoa, cun castelo acolado dunha agüa coroada que o soporta coas súas poutas, pertencente aos Novoa, e en campaña un león dos Enríquez.

A campaña tamén chamada barba, debúxase ocupando o terzo inferior do campo do escudo. O esmalte ten que ser distinto ao do campo do escudo, e se non leva ningunha figura denomínase lisa e se a leva como é o caso, dícese que vai cargada.

A agüa simboliza o poder, a xenerosidade e valentía de espírito.

De todos os animais, o león é a figura máis antiga en heráldica e que con máis frecuencia aparece en todas as armerías. Considérase

símbolo da soberanía, a autoridade, a magnanimidade e a vixilancia, denotando ao cabaleiro clemente aos que se lle renden e destrúe aos que se lle resisten.

Os castelos son símbolos de grandeza e elevación, porque eles exceden en fermosura, en fortaleza e en magnitude ás demais edificacións. Son a salvagarda e o asilo dos amigos e veciños que se acollen á protección dos seus muros en caso de perigo, mentres que tamén serven para impoñer a autoridade real aos sediciosos.

O castelo en heráldica é una fortaleza con tres torres, máis alta a do medio que se denomina de home-naxe e as outras dúas son xemelgas.

O seguinte escudo está situado no mesmo muro da rúa Princesa que o anterior. Seguramente foi labrado para figurar nese muro do pazo, así como os outros 5, aínda que están relacionados intimamente con esta familia, tamén puideron vir doutras vivendas da cidade.



Labra dos Enríquez de Novoa

O contorno deste escudo, rematado por un cordón, é un cadrado cos catro ángulos redondeados.

Representa a liñaxe moderna dos Gago: de azur, unha ponte de dous ollos (de ouro), mazonada. Sobre a ponte, dúas torres (de ouro), tamén mazonadas. Dunha ventá da torre sinistra sae unha man empuñando dúas chaves, co paletón en alto (todo de ouro). No centro da ponte unha TAU (de goles perfilada de ouro), surmontada en xefe por tres minguantes ou luneis, colocados en faixa. Outros dous luneis, saíntes da ponte aos pés da TAU. No centro da ponte, brochante, unha estrela (de ouro), de cinco puntas. Nos cantóns destro e sinistro da punta, unha folla de figueira (de sinople).

Como xa dixemos que os escudos deste muro estaban moi relacionados polas liñaxes diremos que, D. Antonio Benito Gago de Mendoza e Soutomaior, señor dos morgados dos Gago e Raxoo, por sentenza de 1670. Varias veces alcalde de Pontevedra entre 1678 e 1693. Sepultado na capela da Anunciación en S. Francisco de Pontevedra. Casou con Xoana de Oca Sarmiento e Ordóñez de Villaguirán, filla dos señores de Celme, faleceu en 1684. Tiveron por fillos a: 1º, D. Antonio Bernardo Gago de Oca e Mendoza, alcalde de Pontevedra en 1700. Faleceu sen sucesión estando casado con Rafaela Sánchez de Ulloa; 2º a Dª Mariana García Gago Mendoza e Oca, señora dos morgados dos Gago e Raxoo. Reconstruíu o pazo da praza do Teucro en 1776. Naceu en Pontevedra en 1653 e casou en 1678 con D. Antonio Félix Tavares de Távora Ozores Soutomaior, señor do pazo de Lavandeira en Castrelos, Vigo, e da casa de Atín en Mos.



Labra dos Gagos

En canto aos mobles do escudo diremos: cando se di que a ponte e torres son mazonadas significa que se representan coas separacións das pedras.

A letra TAU significa "elexido de Deus".

Brochante é unha peza colocada enriba ou sobreposta a outra.

Os luneis rambesados, é dicir coas puntas cara a abaixo, denomínase minguante o que significa o descanso das fatigas pasadas. O esmalte xeralmente é de prata.

A estrela pentagrama é a representación esquematizada do corpo humano, sendo esta a posición correcta, e polo que correspondería a un bo espírito.

Os ríos débúxanse en forma de dúas ou tres liñas sinuosas de prata e azur. É símbolo da vida que renace unha e outra vez, cos seus altos e baixos.

O brazo é símbolo de fortaleza e xenerosidade. O brazo ataviado,

como é neste caso, débúxase cunha manga de goles ou azur, da que sae unha man da súa cor que empuña unhas chaves co paletón en alto (estas en ouro). As chaves significan a confianza, seguridade, fidelidade e o secreto no seu cometido que gardarán os que brasonan con elas.

A ponte ten o significado de unir permanentemente e de superar obstáculos, e para finalizar as follas de figueira son símbolo dun benfeitor da cousa pública pola súa riqueza e solidariedade.

Bibliografía

Simbología y diseño de la heráldica gentilicia galaica. Luís Valero de Bernabé y Martín de Eugenio y la colaboración de Vicenta Mª Márquez de la Plata y Ferrándiz. Instituto de Salazar y Castro. Hidalguía. Madrid, 2003.

Luis Messia de la Cerda y Pita con la colaboración de Jaime Bugallal y Vela en la parte genealógica y heráldica. Heráldica, escudos de armas labrados en piedra existentes en la zona monumental de Pontevedra. Excma. Diputación Provincial de PO. 1989.

Galicia. Heráldica, Xenealoxía e nobiliaria. Séculomo LVII. Varios autores. Hércules Ediciones. 2008.

Habladme pedras. Pontevedra, historia y leyendas. José Benito García. Alfil, difusión cultural. 2013.